

“BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS, FINANCIADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2017)

1.–Obxecto da convocatoria.– O obxecto da presente é dar cobertura ao proceso de selección de dous(2) Oficiais albanes de primeira e catro peóns (4) para dar curso ao cumprimento das condicións esixidas na subvención concedida ao Concello en relación co programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2017 (BOP n.º 2463, do 26 de decembro de 2016).

O Concello de Miño levará a cabo o proxecto, que ten como obxecto realizar distintas actuacións no termo municipal, así como garantir a cobertura dos servizos públicos esenciais para o cidadán.

Para o desenvolvemento deste programa é preciso cubrir as prazas que se consideran necesarias e adaptadas a él, segundo as dispoñibilidades orzamentarias que se prevén na citada subvención. Isto é, a contratación do persoal sinaladonba base dúas (2), persoal en todo caso inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia. Conforme á natureza das Bases do referido programa provincial, e máis concretamente segundo o establecido no apartado núm, 7, o Concello deberá realizar a contratación do persoal unha vez que queda acreditada a condición de demandantes de emprego das persoas a contratar e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

O ámbito de actuación que define o programa é o seguinte: “Plan de integración laboral do Concello de Miño”, que incluírá limpeza viaria, mantemento do acceso a núcleos de poboación e limpeza e mantemento da xardinería e dos elementos mobles de parques públicos.

2.–Período e modalidade de contratación e retribución: seis meses e medio. Modalidade de contratación: Acumulación de tarefas a tempo parcial (30 horas).

As cantidades que percibirán os/as traballadores/as serán:

- Albanes (oficiais de primería): 904,73 euros brutos/ mes incluído o prorrato das paga extras.
- Peóns de obras públicas: : 809,00 brutos/ mes incluído o prorrato das paga extras.

3.–Sistema de provisión: concurso-oposición.

4.–Requisitos dos aspirantes:

4.1.

a) Ser de nacionalidade española. Poderán concorrer tamén os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, despois de acreditar a súa nacionalidade conforme ao disposto na Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, e demais normativa. Logo de acreditación da súa nacionalidade, os nacionais de estados que en virtude de Tratados internacionais suscritos pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores en termos en que está definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, tamén poderán concorrer.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaránse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea ou os daqueles que teñen suscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan no seu estado o acceso á función pública.

g) Ser desempleado na data de inicio do proceso selectivo.

4.2. As persoas a contratar no programa deberán estar (alomenos nunha) nas situacións entre as recollidas nas bases aprobadas pola Excm. Deputación Provincial para a financiación dos servizos mínimos municipais como incluídas en situación de exclusión laboral e que son as seguintes:

a) Mujeres, al tener un diferencial de índice de paro registrado sensiblemente superior al de los hombres.

b) Mayores de 45 años.

c) Personas desempleadas de larga duración. A los efectos de este programa tendrán esta consideración aquellas personas que lleven un mínimo de dos años como demandantes de empleo.

d) Personas con discapacidad: aquellas personas que tengan reconocida, por la administración competente, una discapacidad en un grado igual o superior al 33%. La acreditación de la discapacidad será comprobada por los ayuntamientos en el proceso de selección de las personas a contratar.

e) Personas en situación de drogodependencia.

- f) Personas que vivan en un hogar donde ninguna tenga empleo.
- g) Personas en hogar monoparental/monomarental.
- h) Personas con problemas para encontrar empleo por el idioma o cuestiones socioculturales.
- i) Personas víctimas de violencia de género.
- j) Personas sin hogar.

5.–Presentación de solicitudes.– As instancias, dirixidas ao Concello, presentaránse no prazo de cinco días hábiles desde a publicación da convocatoria nun diario, no modelo normalizado que se atopará no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Miño.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.30 a 14 horas(luns a venres). Tamén poderán presentarse por calquera dos medios admitidos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común **(neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias)**. Rematado o prazo, publicarase a lista de admitidos e excluídos no taboleiro de edictos e no taboleiro de anuncios da sede Electrónica do Concello de Miño, dando un prazo de alegacións de tres días naturais. Caso de non haber exclusións, o listado terá carácter definitivo.

Posto que o programa vai dirixido ao persoal refrexado na base 4.2, os aspirantes deberán acreditar esta situación no momento de presentar a instancia. O DNI debe figurar en todo caso, e deste xeito quedarían xustificadas os apartados a) e b) da citada base. Tódalas demais circunstancias deben acreditarse cun informe emitido pola entidade que corresponda.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será orixinal ou copia cotexada e aportarase de tal xeito que poida ser valorada convenientemente pola Comisión Seleccionadora.

6.–Comisión Seleccionadora.

O tribunal estará composto por un presidente, tres vocais e un secretario, que serán designados por Resolución da Alcaldía. Asemade, o tribunal quedará integrado ademais polos respectyivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A composición do tribunal axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

O membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos mesmos, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesoras/es especialistas para as valoracións que estime pertinentes. Estes asesores/as deberán limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se deran calquera das citadas circunstancias.

7.–Criterios a valorar no proceso selectivo.

7.1. Fase de concurso: valoración de méritos:

A puntuación total non superará os seis puntos

– Valorarase como mérito ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas. A este apartado outorgaráselle unha puntuación de 0,5 puntos por cada programa rematado, ata un máximo de UN puntos.

– Valorarase a experiencia laboral na administración pública, realizando tarefas directamente realacionadas co posto de traballo ao que se opta:

0,10 pto por mes de servizo a tempo completo na Administración ata un máximo de 2 puntos.

A documentación xustificativa da experiencia profesional deberá comprobar en todo caso as funcións desempeñadas e a duración da mesma. Normalmente acreditarase mediante contrato de traballo (co obxecto de determinar as funcións realizadas) e informe de vida laboral (co obxecto de determinar a duración real da relación contractual)

- Valorarase como mérito estar en posesión do carné de conducir B, con 2 puntos.

- Valorarase como mérito estar en posesión do curso de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios, con 1 punto.

7.2. Probas a realizar.

Para os postos e albanel Oficial de Primeira:

B1.) Primeiro exercicio.- consistirá en contestar un cuestionario de 20 preguntas tipo test e una pregunta a desenrrolar. Puntuándose de 0 a 10 as preguntas tipo test e de 0 a 5 a pregunta a desenrrolar, considerándose no aptos los que no alcancen un mínimo de 8 puntos. Dita proba terá unha duración máxima de 45 minutos.

B.2) Segundo exercicio.- Consistirá nunha proba práctica relacionada cas tarefas do posto de traballo. Puntuándose de 0 a 15 puntos, considerándose no aptos los que no alcancen un mínimo de 8 puntos. Dita proba terá unha duración máxima de 30 minutos.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e a fase de oposición. En caso de empate este dirimirase a favor do aspirante que obteña a maior nota na segunda proba (práctica), e si persiste a favor do aspirante que obteña a maior puntuación no concurso de méritos, e si persiste resolverase por sorteo.

Para os postos Peón:

B1.) Primeiro exercicio.- consistirá en contestar un cuestionario de 30 preguntas tipo test. Puntuándose de 0 a 15 puntos, considerándose no aptos los que no alcancen un mínimo de 8 puntos. Dita proba terá unha duración máxima de 45 minutos.

B.2) Segundo exercicio.- Consistirá nunha proba práctica relacionada cas tarefas do posto de traballo. Puntuándose de 0 a 15 puntos, considerándose no aptos los que no alcancen un mínimo de 8 puntos. Dita proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e a fase de oposición. En caso de empate este dirimirase a favor do aspirante que obteña a maior nota na segunda proba (práctica), e si persiste a favor do aspirante que obteña a maior puntuación no concurso de méritos, e si persiste resolverase por sorteo.

TEMARIO PARA ALBANEL OFICIAL DE PRIMEIRA:

- 1.- O municipio
- 2.- Os Concellos. Competencias e órganos de goberno
- 3.- A Constitución española de 1978. Principios xerais
- 4.- Procesos de traballo dun alanel: ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares
- 5.- Recoñecemento de maquinaria propia de obras públicas
- 6.- Mantemento de zonas públicas
- 7.- Nocións xerais sobre cementos.
- 8.- Morteros, yesos. Clasificación e aplicacións
9. Tipos de hormigón. Características e aplicacións.
- 10.- Ladrillos. Tipos e características.
- 11.- Andamios. Xeneralidades e tipos. Protección.
- 12.- A seguridade e saúde en traballos de albanelería
- 13.- Idea básica de alicatado. Técnicas máis habituais.
- 14.- Cimentacións: zapatas corridas e aisladas

TEMARIO PARA OS PEÓNS

- 1.- O municipio
- 2.- Os Concellos. Competencias e órganos de goberno
- 3.-Procesos de traballo dun peón: ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares.
- 4.-Recoñecemento de maquinaria propia de obras públicas: a súa utilización
- 5.-Elementos eléctricos: usos e materiais propios desta categoría.
- 6.-Manexo de cargas: tipoloxía e modalidades de utilización.

7.–Efectos da humidade na construción. Posibles consecuencias. Remedios e prevención.

8.–A cor. Pinturas e barnices. Composición e clases.

9.–Mantemento de xardíns.

10.–Mantemento de edificios: fachadas e interiores.

8.–Selección dos aspirantes.

A Comisión propondrá a contratación ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación en cada especialidade. Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elaboraráse aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa ou renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase no Taboleiro de Edictos, así como no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Miño

9.–Publicidade.

A publicidade da convocatoria realizarase do xeito especificado na base 5. A data, lugar e hora de realización das probas publicarase no taboleiro de anuncios, así como no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Miño.

10.–Abstención e recusación.

Os membros da Comisión Seleccionadora deberán de absterse de intervir notificando á Presidencia cando concorran as circunstancias previstas no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación dacorpo co sinalado no artigo 29 da devandita Lei.

11.–Recursos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/ as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92 , de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”.

MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona _____
con DNI nº _____
e domicilio a efectos de notificacións en

con nº de teléfono _____ / _____ e correo electrónico

_____ declaro coñecer e aceptar as bases para participar no proceso para a selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección de:

	(MARCAR A OPCIÓN QUE CORRESPONDA)
ALBANEL OFICIAL DE PRIMEIRA	
PEÓN	

En Miño, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO.

Miño, 20 de abril de 2017

O Concelleiro da Área de Urbanismo, Medioambiente,
Facenda e Persoal

Agustín Andrés Andrés



